# Programa de Formación: «Seminario: Aproximación ao Open Access»

**Data:** xoves, 29 novembro, 2018 - 12:00 - 13:00

**Lugar:** Salón de Actos do CiTIUS

**Poñente(s):** Cristal Martínez Pousa (Axudante da Biblioteca Universitaria da USC)

**Idioma:** Castelán

**Streaming:** Por confirmar




OBXETIVO

O obxectivo principal deste seminario é que o alumnado se aproxime ao concepto do Acceso Aberto: que é, cales son os seus beneficios e cales son as obrigas de acceso aberto de acordo ao marco normativo aplicable e os organismos de financiamento.

Neste curso pretendemos:

- Proporcionar formación xeral sobre o acceso aberto.

- Proporcionar información sobre  as políticas e mandatos de acceso aberto dos organismos de financiamento de proxectos de investigación.

- Proporcionar unha visión xeral sobre o funcionamento do repositorio MINERVA.

CONTIDOS

1. Acceso aberto: conceptos básicos
2. Publicación en acceso aberto (Ruta dourada).
3. Difusión en repositorios (Ruta verde).
4. Políticas e mandatos de acceso aberto dos organismos de financiamento.
5. Minerva, repositorio institucional da USC. Autoarquivo en Minerva.

METODOLOXÍA



A Xornada terá unha duración de 1 h. Consistirá nunha exposición teórica sobre os conceptos básicos do acceso aberto e a presentación de Minerva.

SOBRE A RELATORA

Cristal Martínez Pousa, axudante da Biblioteca Universitaria da USC. Encargada da xestión de Minerva, Repositorio Institucional da Universidade de Santiago de Compostela  e do asesoramento a persoal docente e investigador en materia de acceso aberto e propiedade intelectual.